

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

Resolución de inscrición e publicación da prórroga do convenio colectivo do persoal laboral da Universidade da Coruña

Visto o expediente relativo á prórroga do convenio colectivo do persoal laboral da UNIVERSIDADE DA CORUÑA, (código de convenio 15003610012000), que foi suscrito pola comisión negociadora na xuntanza do 28.10.2013, de conformidade co disposto no artigo 90 do Real Decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

ESTA XEFATURA DE TRABALLO E BENESTAR RESOLVE:

1.º.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.-Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 9 de decembro de 2013.

Xefa territorial

MARÍA PILAR CARIDAD ALONSO

PEOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DO ACORDO DE PRÓRROGA DO III CONVENIO COLECTIVO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Visto o acordo suscrito pola comisión negociadora do convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade da Coruña con data 28 de outubro de 2013, e de conformidade co disposto nos artigos 86 e 90 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores,

ACÓRDASE:

Prorrogar a aplicación das cláusulas do III Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade da Coruña (BOP n.º 192, do 1 de setembro de 2009) ata o 31 de decembro de 2014. Rematado este prazo, manteranse en vigor por períodos anuais mentres non se acorde, sexa suscrita e entre en vigor a norma convencional que o substitúa. No suposto de producirse a súa denuncia no período de prórroga, as cláusulas do convenio aplicaranse ata o momento da entrada en vigor do novo convenio.

Dase traslado do presente acordo á autoridade laboral para o seu preceptivo rexistro e depósito.

A Coruña, 25 de novembro de 2013.

O reitor

Xosé Luis Armesto Barbeito

A presidenta do comité de empresa de PAS e delegada de UGT

Teresa Rey Souto

Por CC.OO.

Javier López Domínguez

Por USO

Pedro Monteserín Macías

2013/15614